

Canal Estudios  
Galegos desde  
13/02/2001.

Correo de [contacto](#)

G. Steiner afirmou estes días que o maior atranco das humanidades é non seguir os avances das ciencias experimentais e a tecnoloxía.

Leva razón

Séguese só os avances máis rechamantes

Non é verdade

Vota

[Ver resultados](#)

A sección onde deixares as [túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

[¿Que é a AIEG?](#)

[VII Congreso Internacional da AIEG](#)

# Vocabulario galego-valenciano-galego

Por **Ignacio Vázquez**

Este vocabulario bilingüe permítenos achegarnos a outra lingua peninsular evitando a ata agora obrigada ponte do castelán. Ignacio vázquez, lector de lingua e literatura galegas na Universitat de Barcelona e especialista en lexicografía, comenta este traballo.

Os dicionarios bilingües son as primeiras obras existentes na historia da lexicografía europea. A diferenza dos monolingües que aparecen ligados ó prestixio, xeralmente literario, dunha lingua ou cultura determinadas, os dicionarios bilingües xorden cunha finalidade práctica de tipo comunicativo.

Hoxe temos nas mans o *Vocabulario Galego-Valenciano Valencià-Gallec*, que se instaura na máis pura tradición da lexicografía. Serve como [ferramenta](#) para saber, unha realidade galega, cómo se di en valenciano e viceversa.

O título xa aclara e acota a súa natureza. Non é un dicionario, é un *vocabulario*. Se ben dixemos que os dicionarios bilingües son as primeiras manifestacións lexicográficas, sono partindo dos *vocabularios*. A diferenza entre as dúas obras está en que o vocabulario enfronta dúas linguas ofrecendo o léxico que designa a mesma realidade nos dous idiomas. O dicionario -sobre todo o monolingüe, obra posterior- ofrece, a maiores da correspondencia léxica, información gramatical e adoita reflexionar sobre a lingua. O dicionario bilingüe contaxiouse desta teima e foise estilizando, chegando ó actual: vocabulario no máis estricto sentido, pero inzado de información lingüística por veces allea ó usuario.

O *Vocabulario Galego-Valenciano, Valencià-Gallec* foxe da información xeral dun diccionario bilingüe e, achega só aquela información precisa para o tipo de usuario para o que foi pensado. Este é o punto máis importante desta obra: pensar no *lector* que vai utilizala. Moito se ten escrito neste senso e poucas veces se atina na concepción do que se quere dun vocabulario, glosario ou diccionario bilingüe. Non acontece así con este vocabulario, o propio autor nas liñas de presentación di *é un instrumento de traballo destinado ós alumnos de lingua galega da Universitat de Alacante*[...] *Elaborei o presente vocabulario, esencial e básico, sen máis pretensións que dotar ós alumnos dun repertorio léxico que facilitase o seu primeiro contacto coa nosa lingua*".

O lemarío escollido -unhas 1.200 palabras- foi o axeitado para ese primeiro contacto e as acepcións que aparecen son as máis comúns. Se o alumno precisa doutra información cando domine máis o xenio da lingua, deberá botar man dun diccionario xeral. Mais vaia a nosa felicitación por tan boa iniciativa, xa que non existía ningún compendio lexicográfico que aparellase o galego e o valenciano.

Non obstante, bótase en falta certo tipo de información gramatical que acabaría por garantir unha boa percepción do idioma. Estámonos a referir á indicación de xénero gramatical e á formación dalgún feminino ou plural irregulares. Así, por exemplo atopamos na páxina 19:  
**leite** (*s.m.*) = llet

Sen máis información, o lector pode pensar que en valenciano "llet" é masculino, cando a realidade indica o contrario. Desfaise esta percepción ó irmos á parte valenciana, onde lemos (páx. 45)  
**llet** (*s.f.*) = leite

Se a obra vai dedicada a estudantes, a didáctica e a facilidade na transmisión da información deben primar, polo tanto a solución ideal sería:  
**leite** (*s.m.*) = llet (*s.f.*)  
**llet** (*s.f.*) = leite (*s.m.*)

Este pequeno detalle non diminúe en nada a valía desta obra. Inicitivas coma esta cómpren na nosa lexicografía xa que dignifican dúas falas tan asoballadas durante séculos. Os nosos parabéns a Xavier Carro polo seu labor, que se debería ver recompensado na confección dun dicionario máis ambicioso.

Xavier Carro Rosende

**Vocabulario galego / valenciano valencià / gallec.**

Alacant: [Editorial Club Universitario](#), 2000.

Ed. non venal.

ISBN 84-8454-025-1

**Outras noticias:**

- [Anuario de Estudios Literarios Galegos](#)
- [Entrevista a Francisco Fernández del Riego, da RAG](#)
- [Semana Galega de Filosofía: información día a día](#)
- [A figura arquetípica de Pablo Iglesias](#)
- [A emigración polas cartas dos emigrados \(I\)](#)
- [Internet, territorio para o conflito lingüístico](#)
- [Poesía popular galega editada en San Petersburgo](#)
- [Cun pé fóra](#)
- [AIEG / Información para soci@s](#)
- [Axenda do 17 de abril ó 1 de maio](#)
- [Congresos e cursos anunciados](#)

**Noticias anteriores**

[Últimos 7 días](#)

[Envíanos unha noticia](#)

---